

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

1157 *Real decreto 21/2015, do 23 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

O Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estrutura as ensinanzas artísticas superiores en grao e posgrao, constituíndo as de grao as recollidas nos artigos 54 a 57, incluídos, da citada lei, e dispón, así mesmo, que os títulos de graduado ou graduada nesas ensinanzas terán a denominación de graduado ou graduada, seguida da especialidade correspondente.

Con posterioridade, o Tribunal Supremo ditou varias sentenzas nas cales se anulan os artigos 7.1, 8, 11, 12 e a disposición adicional sétima do mencionado Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, xa atende os ditames das mencionadas sentenzas ao determinar nos seus artigos 54 a 57 que os alumnos e alumnas que superen os estudos superiores de Música ou de Danza, as ensinanzas de Arte Dramática, as ensinanzas de Conservación e Restauración de Bens Culturais, os estudos superiores de Deseño e os estudos superiores de Artes Plásticas, entre os cales se inclúen os estudos superiores de Cerámica e os estudos superiores do Vidro, obterán o título superior correspondente, e que, sempre que a normativa aplicable exixa estar en posesión do título universitario de grao, se entenderá que cumpre este requisito quen estea en posesión dalgún dos títulos superiores dos estudos e ensinanzas aquí enumerados. Así mesmo, os títulos superiores de ensinanzas artísticas quedan incluídos para todos os efectos no nivel 2 do Marco español de cualificacións para a educación superior.

Por outra parte, a experiencia acumulada na práctica do estipulado no dito Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, desde a súa promulgación aconsella pormenorizar determinados matices de procedemento que faciliten unha maior operatividade na súa aplicación.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas no seo da Conferencia Sectorial de Educación e a Comisión Permanente do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, e emitiu informe o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, tras a aprobación do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xaneiro de 2015,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

O Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, modifícase nos seguintes termos:

Un. Os números 2 e 3 do artigo 3 quedan redactados da maneira seguinte:

«2. Os títulos correspondentes ás ensinanzas reguladas por este real decreto serán homologados polo Estado e expedidos polas administracións

educativas nas condicións previstas no artigo 6 bis.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

3. Os títulos a cuxa obtención conduce a superación das ensinanzas artísticas superiores deberán ser inscritos no Rexistro Estatal de Centros Docentes non Universitarios e acreditados, se é o caso, de acordo coas previsións contidas neste real decreto.»

Dous. O número 2 do artigo 6 queda redactado da maneira seguinte:

«2. Para os efectos previstos neste real decreto, enténdese por recoñecemento a aceptación por unha Administración educativa dos créditos que, tendo sido obtidos nunhas ensinanzas oficiais, en centros de ensinanzas artísticas superiores ou noutro centro do Espazo Europeo da Educación Superior, son computados para efectos da obtención dun título oficial.

A experiencia laboral e profesional acreditada poderá ser tamén recoñecida en forma de créditos que computarán para efectos da obtención dun título oficial sempre que a dita experiencia estea relacionada coas competencias inherentes ao dito título. O número de créditos que sexan obxecto de recoñecemento a partir de experiencia profesional ou laboral non poderá ser superior, no seu conxunto, ao 15 por cento do total de créditos que constitúen o plan de estudos. O recoñecemento destes créditos non incorporará cualificación destes, polo que non computarán para efectos de baremación do expediente.

En todo caso, non poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes aos traballos de fin de estudos e máster.»

Tres. O número 1 do artigo 7 queda redactado da maneira seguinte:

«1. Os centros de ensinanzas artísticas superiores a que se refire o artigo 58.3 da Lei orgánica, do 3 de maio, poderán ofertar ensinanzas conducentes ao título superior de ensinanzas artísticas, e de máster.»

Catro. O artigo 8 queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 8. *Ensinanzas artísticas conducentes ao título superior de ensinanzas artísticas.*

1. As ensinanzas artísticas conducentes ao título superior de ensinanzas artísticas teñen como finalidade a obtención por parte do estudante dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, e unha formación orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional.

2. Os títulos superiores de ensinanzas artísticas terán a denominación que a seguir se establece, seguida da especialidade correspondente:

Título superior de Música.

Título superior de Danza.

Título superior de Arte Dramática.

Título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

Título superior de Deseño.

Título superior de Artes Plásticas.

3. Os títulos superiores de ensinanzas artísticas quedan incluídos para todos os efectos no nivel 2 do Marco español de cualificacións para a educación superior e serán equivalentes ao título universitario de grao.»

Cinco. O capítulo III queda redactado da maneira seguinte:

«CAPÍTULO III

Ensinanzas artísticas superiores oficiais conducentes aos títulos superiores de ensinanzas artísticas

Artigo 11. *Contido básico para o deseño dos plans de estudos dos títulos superiores de ensinanzas artísticas.*

1. De conformidade co artigo 58.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, o Goberno definirá, de acordo coas directrices establecidas neste real decreto, e logo de consulta ás comunidades autónomas e ao Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, o contido básico a que se deberán adecuar os plans de estudos conducentes á obtención dos títulos superiores de ensinanzas artísticas nas correspondentes especialidades, que se referirá ás competencias, ás materias e aos seus descritores, aos contidos e ao número de créditos correspondentes.

2. As administracións educativas, no ámbito das súas competencias, aprobarán o plan de estudos correspondente a cada título, de acordo co establecido no presente real decreto. Estes plans de estudos publicaranse nos respectivos boletíns oficiais.

3. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a través da Alta Inspección do Estado, no exercicio das súas funcións, velará polo cumprimento do establecido na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e no presente real decreto.

4. Os plans de estudos terán 240 créditos, que conterán toda a formación teórica e práctica que o estudante deba adquirir: materias de formación básica propias do seu ámbito, materias obrigatorias e optativas, seminarios, prácticas externas, traballos dirixidos, traballo de fin de estudos e outras actividades formativas.

5. De se programaren prácticas externas, estas terán unha extensión máxima de 60 créditos e deberanse ofrecer preferentemente na segunda metade do plan de estudos.

6. Estas ensinanzas concluirán coa elaboración e presentación dun traballo de fin de estudos por parte do estudante, que terá unha extensión mínima de 6 créditos e máxima de 30 créditos, e que se deberá realizar na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título.

7. Os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación ata un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursado.

Artigo 12. *Acceso ás ensinanzas oficiais conducentes aos títulos superiores de ensinanzas artísticas.*

1. O acceso ás ensinanzas oficiais conducentes aos títulos superiores de ensinanzas artísticas nos diferentes ámbitos requirirá estar en posesión do título de bacharel ou ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, así como a superación das correspondentes probas específicas a que se refiren os artigos 54, 55, 56 e 57 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

2. As administracións educativas dispoñerán de sistemas de información e procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso para facilitar a súa incorporación ás ensinanzas artísticas superiores correspondentes. Estes sistemas e procedementos deberán incluír, no caso de estudantes con necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade, os servizos de apoio e asesoramento adecuados, que valorarán a necesidade de posibles adaptacións curriculares.»

Seis. Os números 3, 5, 7 e 8 do artigo 13 quedan redactados da seguinte maneira:

«3. A axencia de avaliación elaborará unha proposta de informe, en termos favorables ou desfavorables ao plan de estudos presentado, que poderá incluír, se é o caso, recomendacións de modificación, que remitirá á Administración educativa correspondente para que no prazo de vinte días naturais presente alegacións. A axencia de avaliación enviará o informe definitivo ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte xunto coa memoria actualizada.

5. No prazo de seis meses desde que se iniciou o procedemento, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, vistos os informes do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas e da axencia avaliadora correspondente, ditará resolución de homologación. Esta resolución comunicáraselle á Administración educativa interesada, xunto cos informes emitidos pola axencia avaliadora correspondente e o Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, e publicarase no “Boletín Oficial del Estado”.

7. A inscrición no Rexistro Estatal de Centros Docentes non Universitarios a que se refire este artigo terá como efecto a consideración inicial de título acreditado.

8. As modificacións dos plans de estudos de máster serán aprobadas polas administracións educativas e notificadas ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

No suposto de que tales modificacións non supoñan un cambio na natureza e nos obxectivos do título inscrito ou transcorresen tres meses sen pronunciamento expreso, considerarase aceptada a modificación. En caso contrario, considerarase que se trata dun novo plan de estudos e así se comunicará para os efectos de iniciar, se é o caso, o procedemento establecido no presente real decreto. Neste suposto, o plan de estudos anterior considerarase extinguido e darase conta disto para a súa oportuna anotación no Rexistro Estatal de Centros Docentes non Universitarios.»

Sete. O número 1 do artigo 14 queda redactado da maneira seguinte:

«1. Os plans de estudos dos títulos de máster serán elaborados polas administracións educativas por iniciativa propia ou por proposta dos centros, e inscritos no Rexistro Estatal de Centros Docentes non Universitarios, de acordo co establecido no presente real decreto.»

Oito. O número 2 do artigo 17 queda redactado da maneira seguinte:

«2. A acreditación dos títulos manterase cando obteñan un informe de acreditación positivo efectuado pola ANACA ou polos órganos de avaliación creados polas comunidades autónomas, o cal será comunicado ao Rexistro Estatal de Centros Docentes non Universitarios para a renovación da inscrición.»

Nove. O número 1 do artigo 19 queda redactado da maneira seguinte:

«1. As administracións educativas impulsarán sistemas e procedementos de avaliación interna e avaliación externa periódicas da calidade destas ensinanzas. Os criterios básicos de referencia serán os definidos e regulados no contexto do Espazo Europeo de Educación Superior. Para isto, os órganos de avaliación que as administracións educativas determinen, no ámbito das súas competencias, deseñarán e executarán, en colaboración cos centros de ensinanzas artísticas superiores, os plans de avaliación interna e avaliación externa correspondentes.»

Dez. O número 2 da disposición adicional terceira queda redactado da maneira seguinte:

«2. Os que, estando en posesión de títulos de ensinanza artística superior oficial de anteriores ordenacións, pretendan obter un dos títulos superiores de ensinanza artística mencionados neste real decreto, obterán o recoñecemento de créditos que proceda para efectos de cursar os créditos restantes necesarios para a obtención do correspondente título superior.»

Once. A disposición adicional oitava pasa a ser a disposición adicional sétima.

Doce. Engádesse unha nova disposición adicional oitava.

«Disposición adicional oitava. *Acceso directo.*

Con carácter de excepcionalidade, e de acordo co artigo 69.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, as administracións educativas poderán establecer o acceso directo dos maiores de 18 anos de idade ás ensinanza artística superior en xeral mediante a superación dunha proba específica, regulada e organizada polas administracións educativas, que acredite que o aspirante posúe os coñecementos, as habilidades e as aptitudes necesarios para cursar con aproveitamento as correspondentes ensinanza, así como o acceso directo aos estudos superiores de música ou de danza dos maiores de 16 anos nas mesmas condicións.»

Disposición adicional primeira. *Adaptación de referencias.*

1. Adaptación de referencias aos títulos:

a) As referencias realizadas pola normativa vixente aos títulos de graduado das ensinanza artística superior entenderanse realizadas aos títulos superiores de ensinanza artística.

b) As referencias realizadas pola normativa vixente ao título de graduado ou graduada en Arte Dramática entenderanse realizadas ao título superior de Arte Dramática.

c) As referencias realizadas pola normativa vixente ao título de graduado ou graduada en Música entenderanse realizadas ao título superior de Música.

d) As referencias realizadas pola normativa vixente ao título de graduado ou graduada en Danza entenderanse realizadas ao título superior de Danza.

e) As referencias realizadas pola normativa vixente ao título de graduado ou graduada en Deseño entenderanse realizadas ao título superior de Deseño.

f) As referencias realizadas pola normativa vixente ao título de graduado ou graduada en Artes Plásticas entenderanse realizadas ao título superior de Artes Plásticas.

g) As referencias realizadas pola normativa vixente ao título de graduado ou graduada en Conservación e Restauración de Bens Culturais entenderanse realizadas ao título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

2. Adaptación de referencias ás ensinanza:

a) As referencias realizadas pola normativa vixente ás ensinanza artística superior de grao en Arte Dramática entenderanse realizadas ás ensinanza artística superior de Arte Dramática.

b) As referencias realizadas pola normativa vixente ás ensinanza artística superior de grao en Música entenderanse realizadas ás ensinanza artística superior de Música.

c) As referencias realizadas pola normativa vixente ás ensinanza artística superior de grao en Danza entenderanse realizadas ás ensinanza artística superior de Danza.

d) As referencias realizadas pola normativa vixente ás ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño entenderanse realizadas ás ensinanzas artísticas superiores de Deseño.

e) As referencias realizadas pola normativa vixente ás ensinanzas artísticas superiores de grao en Artes Plásticas entenderanse realizadas ás ensinanzas artísticas superiores de Artes Plásticas.

f) As referencias realizadas pola normativa vixente ás ensinanzas artísticas superiores de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais entenderanse realizadas ás ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

Disposición adicional segunda. *Titulación obtida polos alumnos e alumnas que iniciasen os seus estudos no momento da entrada en vigor deste real decreto.*

Os alumnos e alumnas que iniciasen os seus estudos de acordo co establecido no Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, e nos reais decretos 630, 631, 632, 633, 634 e 635/2010, do 14 de maio, polos que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Arte Dramática, en Música, en Danza, en Deseño, en Artes Plásticas e Deseño nas especialidades de Cerámica e Vidro, e en Conservación e Restauración de Bens Culturais, respectivamente, obterán os títulos superiores a que se refire o artigo 8 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, na redacción dada neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para ditar cantas disposicións requira a aplicación do disposto neste real decreto, sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás comunidades autónomas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xaneiro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA